

CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CIM-POSTDOC 2025

PREÁMBULO

No marco da súa misión de promover a excelencia científica e a súa visión de consolidarse como un centro de referencia internacional en investigación mariña, o Centro de Investigación Mariña (CIM) da Universidade de Vigo lanza a Convocatoria de Proxectos de Investigación CIM-PostDoc 2025, unha iniciativa que busca potenciar o talento investigador entre os científico/as posdoutorais do Centro.

A aposta do CIM por esta convocatoria reflicte o seu compromiso coa xeración de coñecemento de alto impacto, fomentando a multidisciplinidade, a innovación e a competitividade entre os investigadores e investigadoras posdoutorais do Centro. Ademais, o CIM considera que a consolidación da carreira investigadora dos seus mozos e mozas científicas é clave para garantir o liderado do Centro nas áreas estratéxicas de Acuicultura e Marisqueo, Contaminación Mariña, Impacto do Cambio Climático e Enerxías Renovables Mariñas.

En liña co seu compromiso coa equidade e a sustentabilidade na investigación, esta convocatoria tamén busca promover a igualdade de xénero e a colaboración interdisciplinar como piares para abordar os desafíos complexos que enfrenta o medio mariño. Ao financiar proxectos liderados exclusivamente por investigadores e investigadoras posdoutorais, o CIM reafirma o seu propósito de contribuír ao fortalecemento das capacidades da súa comunidade científica máis moza, favorecendo a súa competitividade no ámbito nacional e internacional.

Con esta convocatoria, o CIM dá un paso máis cara á consolidación dunha contorna de investigación de vangarda, orientada non só ao avance do coñecemento a nivel nacional e internacional, senón tamén á xeración de solucións prácticas que impacten positivamente na sociedade e no sector mariño-productivo de Galicia.

OBXECTO

O CIM financiará en 2025 dúas propostas de proxectos de investigación que aborden desafíos no ámbito das catro prioridades científico-técnicas do Centro:

- Acuicultura e Marisqueo

- Contaminación Mariña
- Enerxías Renovables Mariñas
- Impacto do Cambio Climático

CARÁCTERÍSTICAS DAS PROPOSTAS

Os proxectos deberán demostrar un impacto potencial na xeración de coñecemento e a súa aplicación práctica nas respectivas prioridades científico-técnicas.

Cada proxecto seleccionado deberá contar cun equipo formado por dous Investigadores/as Principais (IPs). Valorarase de forma positiva que ambos IPs estean adscritos/as a grupos e prioridades científico-técnicas diferentes do Centro, fomentando un enfoque multidisciplinar. Así mesmo, para promover a equidade de xénero na investigación e fortalecer a cohesión interna, valorarase de maneira positiva que os/as IPs sexan de xéneros distintos.

DOTACIÓN ECONÓMICA E DURACIÓN

Cada proxecto contará cunha dotación económica de 15.000 €, destinada a cubrir os gastos de investigación, incluíndo recursos materiais e humanos necesarios para acadar os obxectivos propostos.

A duración dos proxectos abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025. Porén, a certificación dos gastos se deberá axustar á orde de peche do exercicio económico 2025, que será determinada pola Universidade de Vigo.

PRAZO, DOCUMENTACIÓN E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes comprende desde o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o día 30/12/2024 ás 23:59 (hora peninsular española). A documentación poderase presentar unicamente por correo electrónico enviado a cim@uvigo.gal, con copia ao director do CIM (dir.cim@uvigo.gal) e ao subdirector responsable de investigación e transferencia do Centro (mggesteira@uvigo.gal).

Xunto coa memoria do proxecto de investigación, cada IP deberá entregar un Curriculum Vitae Abreviado (CVA) en formato PDF de non máis de 4 páxinas de extensión.

ELIXIBILIDADE

Poderán participar nesta convocatoria os/as investigadores/as postdoutorais do CIM con contrato Juan de la Cierva ou contrato postdoctoral da Xunta de Galicia na modalidade "Axudas para completar a etapa de formación postdoutoral", que cubra polo menos o período de duración do proxecto.

Así mesmo, considerarase condición indispensable para ambos dous IPs:

- Non ter sido (ou non ser no momento do peche da convocatoria) IP ou co-IP de calquera proxecto de índole autonómica, nacional ou internacional.
- No ter sido IP ou co-IP dun proxecto CIM-PostDoc de convocatorias anteriores.

AVALIACIÓN

O comité avaliador estará composto polo subdirector do CIM responsable de investigación e transferencia (ou persoa en quen delegue), xunto cos coordinadores e coordinadoras das prioridades científico-técnicas (ou persoa en quen deleguen). A decisión do comité será inapelable.

Baremo de puntuación:

- a) Calidade científico-técnica da proposta: ata 35 puntos.
- b) Curriculum Vitae dos/as IPs: ata 15 puntos.
- c) Aliñamento do proxecto coas prioridades científico-técnicas do CIM: ata 20 puntos.
- d) Que ámbolos dous IPs sexan de diferente xénero: ata 15 puntos.
- e) Que ámbolos dous IPs pertencen a diferentes prioridades científico-técnicas dentro do CIM: ata 10 puntos (a pertenza a unha prioridade debe ter unha antigüidade de polo menos tres meses no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria).
- f) Que ámbolos dous IPs pertencen a diferentes grupos de investigación dentro do CIM: ata 5 puntos (a pertenza ao grupo debe ter unha antigüidade de polo menos tres meses no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria).

A falta de veracidade en calquera dos puntos anteriormente descritos será motivo de exclusión da convocatoria. Así mesmo, calquera irregularidade suporá a devolución dos fondos adxudicados.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Esta convocatoria, de carácter interno, está dirixida exclusivamente a investigadores e investigadoras postdoutorais vinculados ao CIM coas condicións anteriormente expostas. A presentación dunha proposta supón a aceptación expresa e irrevogable dos termos da convocatoria, incluído o resultado do proceso de avaliación. O dito proceso será levado a cabo polo comité avaliador designado, que actuará con criterios de rigor, transparencia e igualdade de oportunidades. A resolución adoptada será definitiva, sen posibilidade de reclamación por parte dos participantes.